



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/04/2019 13:51:53


SAIDA 4357/19




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 020/2019

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 23 de xaneiro, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 23 de xaneiro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte da Consellería de Sanidade, dos resultados das análises das mostras de auga recollidas pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade en Lugo na rede de abastecemento de Rábade desde o 01/05/2015 ao 21/12/2018 (dous ao ano) e en particular, os resultados das mostras tomadas no CEIP Otero Pedrayo e na Avenida de Villalba desa vila polas farmacéuticas inspectoras o día 03/12/2018, e os resultados das inspeccións do total do abastecemento de Rábade (desde os puntos de captación da auga ata os puntos terminais da rede) realizadas pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade en Lugo entre o 01/05/2015 e o 21/12/2018, e os resultados das determinacións de cloro libre residual/ cloro combinado,

O reclamante indicaba que o seu dereito de acceso a esta información pública non se ve colmado polo feito de que exista un Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC) tendo en conta de que a información que nesa plataforma figura é exclusivamente a facilitada polo xestor do abastecemento, neste caso, FCC Aqualia S.A., e non a obtida pola

autoridade sanitaria no cumprimento do seu deber de control da calidade da auga de consumo humano.

O escrito viña acompañado da súa solicitude de acceso á información e copia do seu DNI.

Segundo. Con data 28 de xaneiro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 1 de febreiro de 2019.

Terceiro. Con data do 11 de febreiro de 2019, o interesado remite escrito de ampliación da reclamación, no que comunica que recibiu con data do 28 de xaneiro de 2019 resolución da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a súa solicitude, e manifesta que nesa resolución unicamente se lle deu acceso a una parte da información solicitada,

Coa resolución lle remiten os resultados das análises das mostras de auga da rede de abastecemento de Rábade desde o 01/05/2015 ao 21/12/2018, pero no relativo aos resultados das inspeccións do total do abastecemento de Rábade, non se lle facilita un acceso directo a eses resultados (ás actas da inspección) senón que lle traslada un resumo no que se denomina «Anexo 1. Resultados das actuacións realizadas non marco do Programa de Vixilancia Sanitaria de Auga de Consumo (período 2015-2018) que, segundo o reclamante, determina que a información non estea completa.

Ademais, nas descrición das actuacións durante o ano 2015 identifícase unha soa inspección, a efectuada o 05/05/2015, na que se detectan tres non conformidades pero non se lle informa de se esas non conformidades foron cualificadas como deficiencias ou como incumprimentos, cualificación de enorme transcendencia dado que mentres as primeiras non implican un risco para a saúde, as segundas si o xeran e esixen a adopción polo persoal inspector de medidas correctoras.

Por outra banda, nas actuacións do ano 2016, dise que o 01/03/2016 realizouse unha visita de comprobación de corrección, de modo que tivo que existir unha inspección anterior ao 01/03/2016, na que se detectou o incumprimento que se ordenou emendar e á que non se fai referencia e, por tanto, non se lle da acceso.

Terceiro. Con data 18 de febreiro de 2019 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Na documentación remitida, a Secretaría Xeral Técnica informa que a solicitude foi respostada de forma expresa por Resolución do órgano competente o 23/01/2019, e notificada, o

28/01/2019, facilitando o acceso aos boletíns analíticos e aos resultados dos controis "in situ" das mostras analizadas nese abastecemento consecuencia da vixilancia sanitaria no período comprendido entre o ano 2015 ata o 2018. Ademais se lle informa ao interesado sobre os resultados das actuacións realizadas no marco do Programa de Vixilancia Sanitaria de Auga de Consumo, incluíndo os resultados das inspeccións sanitarias realizados nese mesmo período de tempo, así como, os resultados nas medicións "in situ".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta Lei establece que a reclamación ten carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación, ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O artigo 12 da Lei 19/2013, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016 sinala que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 143 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que o interesado presentou a reclamación unha vez transcorrido o prazo dun mes dende a súa solicitude de acceso se que a Administración lle remitira a resolución, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Administración sanitaria non resolveu a solicitude de acceso á información en prazo, e emitiu a resolución no mesmo día que o interesado interpuxo a reclamación. No informe que remite coa copia do expediente, considera, ao contrario que o solicitante, que ao interesado se lle proporcionou a información solicitada.

O reclamante, no escrito complementario presentado o 11 de febreiro de 2019, considera que a información que se lle remitiu non é completa, por canto non se lle facilitan as actas da inspección realizada, senón que se lle traslada un resumo cos resultados das inspeccións na que a correspondente ao 2015 se detectan tres “non conformidades”, pero non se lle informa si esas non conformidades foron cualificadas polo persoal inspector como «deficiencias» ou «incumprimentos», cualificación de enorme transcendencia dado que mentres as primeiras non implican un risco para a saúde, as segundas si o xeran e esixen a adopción polo persoal inspector de medidas correctoras.

Nas actuacións do ano 2016 consta que o 01/03/2016 realizouse unha «visita de comprobación de corrección (Acta C225436)», polo que considera que tivo que existir unha inspección anterior á que non se lle da acceso.

Segundo manifesta o reclamante, dado que Rábade é unha zona de abastecemento cunha prioridade de inspección media, a frecuencia de inspección debe ser dunha cada dous anos, polo que se unicamente figuran efectuadas inspeccións os días 05/05/2015 e 24/04/2018 tendo en conta que a do 01/03/2016 cualifícase como «visita de comprobación de corrección, non se lle está dando acceso ao resultado da inspección que se tivo que practicar entre o 05/05/2015 e o 05/05/2017.

Nas resolucións en materia de acceso á información, como en calquera outro procedemento administrativo iniciado a instancia de parte, a resolución que poña fin ao procedemento ten que ser coherente coa solicitude, de acordo co que establece o artigo 88.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No presente caso, o interesado solicitou “os resultados das inspeccións do total de abastecemento de Rábade..” e a Administración sanitaria lle comunica os resultados, que é o solicitado. O interesado considera que a información é insuficiente, dado que non se lle remitiron as actas da inspección, senón unicamente o resultado, pero o certo é que o solicitado son os resultados e non as actas, polo que a resposta é coherente coa solicitude e por tanto non procede estimar a reclamación por esta motivo, ao serlle proporcionada a información que pediu, con independencia de que o interesado poida facer unha nova solicitude na que concrete de forma mais precisa a súa petición.

Por outra banda, o interesado considera que dado que as inspeccións deben realizarse cada dous anos, non se lle deu acceso á resultado da inspección entre o 05/05/2015 e o 05/05/2017. Descoñecese por esta Comisión si se realizou inspección entre esas datas: no caso de que existise, a Administración sanitaria debe remitirle o resultado ao solicitante, dado que se trata dunha información pública á que o solicitante ten dereito.

De acordo co anterior, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada, ao resolverse sobre a solicitude de acceso unha vez transcorrido o prazo que a Lei establece

e con posterioridade á interposición da reclamación ante a Comisión da Transparencia, se ben a Administración sanitaria deberá remitir, no caso de existir, o resultado da inspección realizada entre o 05/05/2015 e o 05/05/2017.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


ACORDA

Único : Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] con data 23 de xaneiro de 2019, contra a resolución do 23 de xaneiro de 2019, da súa solicitude de acceso á información referente a resultados de análise e inspección das augas no Concello de Rábade, debendo a Consellería de Sanidade remitirlle, no caso de existir, o resultado da inspección realizada entre o 05/05/2015 e o 05/05/2017.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia


Milagros Otero Parga